

NORMAS E PROTOCOLO HIXIÉNICO E DEPORTIVO

CHEGADA Á SALA

- * Só poden acceder ao interior do edificio @s esgrimistas e técnic@s.
- * @s técnic@s agardarán na porta exterior aos esgrimistas para que accedan ao interior do edificio mantendo unha distancia de dous metros entre cada persoa.
- * Queda terminantemente prohibido acceder á sala antes de que saia o grupo anterior.
- * O uso de máscara é obrigatorio.
- * É imprescindible ser puntual e rigoroso cos horarios establecidos.
- * Pregamos que non se produzan aglomeracións na rampa de acceso ao centro.

ACCESO Á SALA

- * O acceso ao interior da sala farase mantendo unha distancia de dous metros entre cada persoa.
- * É obrigatorio lavar as mans con xel hidroalcohólico no primeiro punto de hixiene, antes de baixar as escaleiras de acceso á sala.
- * Pódese acceder á sala co calzado da rúa, pero é obrigatorio limpalo na zona habilitada de desinfección de calzado. @s esgrimistas que desexen cambiar de calzado poden facelo no banco habilitado para tal función.
- * @s esgrimistas deberán vir ás clases e adestramentos xa cambiados.
- * Os vestiarios serán de uso exclusivo para @s esgrimistas que dispoñan de armario e únicamente accederán dúas persoas ao mesmo tempo (unha ao vestiario feminino e outra ao vestiario masculino) para coller e deixar o seu material.
- * No acceso aos vestiarios hai un segundo punto de hixiene, con xel hidroalcohólico e papel de mans, de uso obrigatorio despois de saír do vestiario.
- * As sacas, bolsas e material poderanse deixar nos bancos mantendo unha separación de 1 metro entre cada equipación.
- * É recomendable levar ás clases unha botella/bidón de auga, preferiblemente co nome marcado.

DURANTE AS CLASES

- * É obrigatorio o uso de máscara ou ben de careta con sistema anticovid.
- * Procura non intercambiar obxectos con outras persoas.
- * A sala dispón dun terceiro punto de hixiene na porta de acceso ao patio, onde hai xel hidroalcohólico, papel de mans e unha zona de desinfección de calzado, de uso obrigatorio cando volvamos de realizar unha actividade no patio.

SAÍDA DA SALA

- * É obrigatorio lavar as mans con xel hidroalcohólico no primeiro punto de hixiene, antes de saír da sala.
- * A saída farase de xeito ordenado e mantendo unha distancia de dous metros entre cada persoa.
- * @s técnic@s acompañarán ata a porta exterior aos esgrimistas de categoría M-13 e inferiores.
- * O uso de máscara é obrigatorio.
- * É imprescindible ser puntual e rigoroso cos horarios establecidos.
- * Pregamos que non se produzan aglomeracións na rampa de acceso ao centro.